

## **NOTA DE PRENSA**

# **A atención á saúde mental nos diferentes ámbitos centra as XXI Xornadas de Psicoloxía e Saúde**

---

*Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2016.-* Este xoves 17 de novembro inaugúranse en Santiago de Compostela as XXI Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que nesta edición terán como eixo central a atención á saúde mental nos diferentes ámbitos. Baixo o título "Os contextos de saúde e a saúde dos contextos" desenvolverase este encontro dirixido aos psicólogos e psicólogas da área da saúde que correrá os días 17, 18 e 19 de novembro na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Neste encontro búscase fomentar e intercambiar coñecementos e experiencia clínica con respecto ás abordaxes terapéuticas dentro de diferentes contextos asistenciais, sanitarios e non sanitarios, así como analizar as dificultades que se dan en cada un deles e coñecer formas de incrementar a calidade asistencial. Estas Xornadas contan co apoio do Servizo Galego de Saúde e da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Neste encontro haberá catro mesas temáticas nas que intervirán profesionais de recoñecido prestixio que analizarán os diversos contextos de saúde e a saúde do mesmos, para rematar con unha ollada crítica e valoración dos aspectos máis legais.

A xornada do xoves 17 desenvolveranse dous obradoiros. O primeiro, "Como axudar a persoas que escoitan voces", será impartido por Miguel A. Martínez Barbero, psicólogo clínico do centro de día madrileño La Latina para persoas con trastorno mental grave. O segundo centrarase en *mindfulness*, que se basea na concentración e na atención plena, e que será impartido por Lourdes Suárez Fernández, psicóloga na Unidade Asistencial de Drogodependencias de Carballo.

O venres 18 abrirá a xornada coa conferencia de Miguel A. Martínez Barbero na que presentará a súa experiencia clínica co seu programa "Escoitadores de voces", que considera que a escoita de voces é unha experiencia humana normal e que a miúdo xorde como reacción a eventos traumáticos ou moi emotivos na vida da persoa que non se resolveron adecuadamente. A seguir, darase paso á primeira mesa das xornadas "Contextos de saúde", na que se presentarán distintos ámbitos de intervención en saúde mental. O psicólogo clínico José Eduardo Rodríguez Otero, do Centro de Psicoterapia Agarimo, falará da saúde no contexto da asistencia privada; Santiago Lago Canzobre, psicólogo clínico na Unidade de Saúde Mental de Caranza (Ferrol), reflexionará sobre a saúde no contexto da asistencia pública; e Rocío García Calvo, psicóloga e directora da Asociación de Dano Cerebral Sarela, de Santiago de Compostela, para abordará a saúde no contexto da asistencia en asociacións.

Xa na tarde do venres, a mesa "Máis alá da saúde" explorará outros contextos menos típicos dentro da intervención en saúde mental. Descubriremos da man de Cristóbal Colón Palasi, psicólogo e presidente de La Fageda Fundació, a asistencia desde o ámbito comunitario, co exemplo das cooperativas de traballo. Ana Suárez Martínez, psicóloga do servizo de xestión de

penas e medidas alternativas de Coruña, falará sobre a asistencia no ámbito de prisións, e finalmente será a quenda do eido educativo con José Carlos Cardama Barrientos, psicólogo clínico no Centro de Terapia Arca (Vigo).

A seguinte mesa, “A saúde dos contextos”, analizará as vías de mellora da calidade asistencial. A psicóloga da Unidade de Asesoramento Científico-Técnico da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS) do Sergas, Yolanda Triñanes Pego, falará das “Guías Clínicas. Avalía-T”, á que seguirá a intervención “Psicoloxía baseada na evidencia” da man de Elisardo Becoña Iglesias, catedrático de Psicoloxía Clínica da USC. Para pechar a xornada do venres terá lugar a exposición das comunicacións libres que presentan diferentes traballos centrados na práctica clínica.

A mañá do sábado iníciase coa presentación do *Anuario Psicoloxía e Saúde*, unha publicación anual que edita a Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio, por parte da directora do Consello de Redacción, Marta González Rodríguez. Deseguido, a derradeira mesa das xornadas, “Unha ollada crítica”, na que participará a avogada Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, que ofrecerá unha perspectiva legal cunha intervención titulada “Entre o ético e o maquiavélico. Aspectos legais”. Comparte mesa con José Berdullas Barreiro, psicólogo clínico no Complexo Asistencial Universitario de León-Hospital Psiquiátrico Santa Isabel, que reflexionará sobre “O bo do malo da crise”.

O punto final desta edición das Xornadas será unha mesa debate de clausura, en torno ós servizos de psicoloxía clínica no Servizo Nacional de Saúde co título “¿Cara a un novo contexto?”, que será cuestionado por Rosa Cerqueiro Landín, psicóloga clínica no Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol, e Lourdes Sánchez García, psicóloga clínica e coordinadora de área na Unidade de Xestión de Saúde Mental de Valme, Sevilla.

Esta iniciativa impulsada polo COPG está recoñecida como unha Actividade de Interese Sanitario por parte da Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, e solicitada como actividade de formación continuada. Vai dirixida a psicólogas e psicólogos colexiados; estudantes de psicoloxía e outros/as profesionais interesados na temática a tratar. As Xornadas rematarán coa entrega do premio ao mellor póster e á mellor comunicación libre entre os traballos que se presenten.

Se desexan solicitar **entrevistas** para **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns: 981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal